



***VILALVITE (SAN PEDRO)**



Nesta parroquia atópanse varias mámoas e medorras que son testemuñas da existencia de poboadores no lugar dende tempos bastante remotos, aínda que na actualidade está cubertas de maleza. O mesmo ocorre con dous castros, o de Cerracín e o de Castrodá, dos que se conservan os restos pero é complexo acceder a eles. Tamén se mantén un Pazo, o das Camoiras, que era propiedade de Pedro Varela de Neira e que aínda agora conserva o escudo familiar. Como curiosidade, é importante destacar que no lugar de Cerracín se atopa un dos carballos máis antigos de Galicia.

Ademais de ser unha parroquia do concello de Friol, Vilavite tamén está presente noutros municipios. Así, é un lugar de Santa María Madalena de Coeses (Lugo) e de Santiago de A Laxe (Paradela).

O nome de **Vilavite** parece proceder dunha *villa Albiti*, fundada polo xermánico *Albitus*, cuxo primeiro elemento deriva do gótico *alls* («todo») ou de *alhs* («santuario»), e o segundo pode que tamén do gótico *wit(t)* («entendemento»). De tódolos xeitos, hai autores coma Kreper que non dan por segura esta procedencia. Así, podería ser tamén un termo con orixe prerromana, ou derivado do latín *albus* + *-ittus*. Porén, os documentos galegos nos que aparece este topónimo dende o S. IX parecen desmentir esta hipótese. No ano 969 xa aparece a forma *Aluito* e no 989 *Aluitus*.

En canto ós lugares, **Bedús** ten tamén a súa orixe nun antropónimo latino, sexa este *Betunius*, *Vetunius* ou *Bitunius*. Tamén podería corresponder a *Bedules*, forma que coincide cun topónimo do concello de Samos. Hai documentos do S. XV nos que se fala de *Veduus* e *Beduns*.

As Camoiras é un topónimo non moi común na xeografía galega que se pensa que procede dunha *villa Camauria*, unha forma feminina similar ao *Camuria*, en masc. *Camurius*. Nicandro Ares (2011: 877) compárao con outros lugares como Fointoira (*Fonteauria*), Valoira (*Vallis aurea*) e Vilaira (*Villauria*). Así, sería un topónimo bitemático, quizais *cama aurea*.

Por outro lado, **Carballal** fai referencia a un lugar no que abundan os carballos (v. nº 4).

Castrodá sería un «Castro de Adá», cuxa última forma procede do antropónimo visigodo *Atane*.

Cerracín procede da forma de xenitivo do antropónimo *Sarracinus/Sarracenus*, un nome común entre os servos de Sobrado dos Monxes, aínda que tamen o era en Samos e noutros lugares. Podería estar formado a partires do subs. *sarracenus*, a través do grego bizantino *sarakenós*. Pénsase que todos os topónimos que comparten esta raíz poderían responder a repoboacións realizadas dende terras do sur, xa que hai moitos exemplos desde antropónimo latino cristián nos diferentes diplomas portugueses e asturianos.

En canto a **Corra**, é unha forma equivalente a Corda (v. nº 15), aínda que tamén se pode comparar co asturiano *cuerna* («cercado»), da familia de *curro/curral*.

As Donas é unha forma que se corresponde co latín medieval *domna*, *domina* («señora») e que ten número plural.

As Ferrerías, do latín *ferraria*, serían terreos onde abundaba o *ferrum* («ferro») ou lugares nos que se ferraban carros, cabalos etc.

A Penalonga é un composto latino formado por *pinna/penna* e o adxectivo *longa*. **As Penelas** v. nº 2.

Por outra parte, **O Rebolo** podería estar relacionado cun diminutivo do latín *robur* (en castelán, *roble*), pero tamén cabe a posibilidade de que proceda de **repollus* («brote dunha planta»).

A Retorta é o participio do latín *retorqueo* («torcer») e refírese a un camiño con curvas ou á liña que pechaba o couto do que foi o bispo de Lugo.

Santa Marta leva o nome da capela que se localiza nese mesmo lugar e que está adicada á santa hebrea.

O Sobrado vén de *aedificium superatum*, é dicir, «edificio moi alto, que sobresa».

Por último, **O Vento** podería vir do latín *ventus* («vento»), do antropónimo *Benedictus* («Benito>Bento») ou, o que é máis probable, dunha pequena *vendita* («venta» en castelán).

*Texto extraído do traballo clasificado no segundo posto do "I Premio de investigación Histórica, Cultural e Etnográfica Concello de Friol" presentado por Dona Laura Ferro Devesa e Dona Estefanía Pena Ferro e titulado "TOPONIMIA DO CONCELLO DE FRIOL" Friolensis